

**PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL
CEIP EDUARDO ÁVILA
BUSTILLO
(A VEIGA)**

ANO ACADÉMICO 2023-2024

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Datos de identificación do centro.
3. Obxectivos do centro.
 - 3.1. Obxectivos xerais do centro.
 - 3.2. Obxectivos da xestión pedagóxica.
 - 3.3. Obxectivos da xestión económica.
4. Proxecto educativo.
 - 4.1. Concrección anual do PE.
 - 3.2. Modificación ao PE.
5. Organización do centro.
 - 5.1. Estructura orgánica do centro.
 - 5.2. Órganos de goberno.
 - 5.3. Profesorado e adscrición do mesmo.
 - 5.4. Equipos docentes.
 - 5.5. Departamento de Orientación.
 - 5.6. Persoal non docente.
 - 5.7. Alumnado.
 - 5.8. Horarios.
 - 5.9. Entrega de notas.
 - 5.10. Programación e calendario de reunións.
 - 5.11. TICS.
 - 5.12. Libros de texto e demais materiais curriculares.
 - 5.13. Faltas de asistencia.
 - 5.14. Instalacións do centro.
 - 5.15. Servizos educativos complementarios.
 - 5.16. Biblioteca escolar.
6. Plans e proxectos.
 - 6.1. Plan de actuación durante o período de adaptación en Educación Infantil.

- 6.2. Programa de Estimulación da Linguaxe Oral e Prevención de dificultades.
- 6.3. Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- 6.4. Plan de Convivencia, Plan de Benestar e Convivencia e NOFC.
- 6.5. Proxecto Lingüístico.
- 6.6. Plan de Biblioteca e Plan Anual de Lectura.
- 6.7. Plan de integración das TICS/E-dixgal.
- 6.8. Plan de Orientación e apoio.
- 6.9. Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- 6.10. Plan de Acción Titorial.
- 6.11. Plan de Autoprotección do centro.
- 6.12. Plan de Formación do Profesorado.
- 6.13. Plan de Igualdade.
- 6.14. Plan de relación co entorno e coa familia.
- 6.15. Plan xeral de avaliación do centro.
- 6.16. Proxectos de Innovación Educativa.
- 6.17. Plan de Actividade Física e Hábitos Saudables.
7. Deberes escolares.
8. Procedementos para a avaliar a Programación Xeral Anual.
9. Dilixencia.

1. INTRODUCCIÓN.

A presente Programación Xeral Anual xorde das propostas do claustro e da análise dos resultados referidos na Memoria do curso 2022-2023. Neste documento contéplase a organización do centro para o curso 2023-2024, concretándose para o curso que comeza os obxectivos xerais de referencia contemplados no Proxecto Educativo.

Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar a traballar na mesma liña dos dous cursos académicos anteriores. Para elo, vai ser de gran importancia o desenvolvemento dos diferentes Plans e Programas que están en funcionamento (Plan TIC, E-dixgal,...) e que supoñen un salto cualitativo no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe en todos os niveis educativos que se imparten no centro, así como os que comezaron a funcionar no anterior ano académico (**Plan Proxecta + e Plan Dixital**).

2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.

Denominación: CEIP Eduardo Ávila Bustillo

Dirección: Entrecaldeiras, s/n 32360 (A Veiga) -Ourense-

Código de centro: 32013168

Teléfono: 988350077

Correo electrónico: ceip.eduardo.avila@edu.xunta.es

CIF: Q8255026J

3. OBXECTIVOS DO CENTRO.

3.1. Obxectivos xerais do centro.

- Traballar cara unha educación comprensiva e sensible ás diferenzas individuais, desenvolvendo as potencialidades de cada persoa e favorecendo a integración de todos os alumnos e alumnas.

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do noso alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos, así como na adquisición de valores que propicien ao respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e ao desenvolvemento sostible.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- Integrar ás tecnoloxías da comunicación nas propostas educativas, a través dun ensino supervisado e guiado para maior aproveitamento dos diferentes programas documentais en soporte multimedia, de programas informáticos e do uso de páxinas web e de webquests.

- Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos e servizos para toda a comunidade educativa poñendo á súa disposición os fondos de ficción e documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual ou multimedia.

3.2. Obxectivos da xestión pedagóxica.

3.2.1. Obxectivos do equipo directivo.

O Regulamento orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (**Decreto 374/1996, do 17 de outubro**), **Capítulo II**, Órganos unipersoais de goberno, elección, nomeamento e competencias deles, describe as competencias dos diferentes integrantes do equipo directivo e máis as súas liñas xerais de actuación. A isto imos engadirlle os seguintes obxectivos específicos que complementarán o seu plan de actuación, tendo en conta que neste centro de tres unidades (dúas en funcionamento) o equipo directivo está só formado pola responsable do centro:

- Garantir unha xestión transparente, áxil e eficaz do presuposto, dos procesos de información e xestión do persoal e da relación familia-centro coa idea de continuar no camiño iniciado cara un centro educativo de calidade na xestión e na organización.

- Fomentar un clima escolar que favoreza o respecto, o esforzo, o traballo en equipo, a participación democrática, a resolución e a mediación de conflitos, así como o desenvolvemento de actuacións que propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado, co fin de contribuír á formación de cidadáns libres, críticos e democráticos.

- Xestionar os recursos humanos do xeito máis racional posible.

- Impulsar o traballo colaborativo entre os diferentes equipos, tanto de coordinación como de goberno.

- Consolidar mecanismos de avaliación e análise dos resultados das Avaliacións Individualizadas buscando un maior desenvolvemento dos acordos e decisións que se tomen na busca dunha mellora dos rendementos educativos. Buscarase, sobre todo, a mellora da competencia en comunicación lingüística, lingua estranxeira, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como a formación integral a través da iniciación, coñecemento e uso funcional das novas tecnoloxías da información e da comunicación atendendo á diversidade do noso alumnado.

- Apoiar a ANPA “A Galocha”, axudando a esta entidade, dentro das posibilidades legais, á realización das súas actividades.
- Establecer mecanismos de axuste nas concrecións curriculares, tanto na etapa de Educación Infantil coas novas esixencias do **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**. (DOG. 9/09/2022) e na etapa de Educación Primaria para tamén unha adecuación ás esixencias do **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**. (DOG. 26/09/2022).
- Achegar o centro ás familias e a toda a comunidade educativa, buscando unha maior colaboración e participación democrática nas actividades do colexio fomentando unha maior conciencia da filosofía integradora que ten o centro.
- Continuar e ampliar a participación nos diferentes plans.
- Impulsar e animar á elaboración dun Plan de Formación no que a actualización e a formación do profesorado sexa un dos obxectivos prioritarios baseado no consenso xeral, tendo en conta as necesidades e as achegas da comunidade educativa.
- Revisar, coordinar e adecuar os requirimentos da comunidade educativa ao funcionamento dos Servizos Complementarios en resposta ás demandas das familias e á mellora da calidade do servizo.
- Continuar desenvolvendo os diferentes plans vixentes.
- Adecuar o Proxecto Educativo á normativa actual, así como os diferentes documentos que o integran potenciando as achegas realizadas polos diferentes axentes educativos para a elaboración dos mesmos e difundíndoos a través da páxina web do colexio.
- Manter unido ao Claustro de Mestras, facilitando a integración persoal e profesional do profesorado de nova incorporación. Concretar e adecuar os espazos de uso común e o clima de convivencia entre os docentes do centro, sendo o punto de partida do desenvolvemento das relacións persoais e profesionais. Atender ás demandas dos mesmos/as fomentando a participación do profesorado nas decisións do colexio a través dos órganos de goberno colexiados e os órganos de coordinación docente.
- Revisar e actualizar todos os documentos oficiais do centro en función do regulado na **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a **Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación**.

- Favorecer a comunicación e a información no centro educativo, tanto entre os membros e os órganos internos do colexio, como entre estes e as familias, e coa Administración educativa en xeral, para conseguir que as relacións sexan fluídas e cordiais.
- Favorecer e colaborar na realización do Programa de Actividades Complementarias e Extraescolares que se sustente dentro das concrecións curriculares. Que conecte o noso centro co entorno máis próximo que é a nosa localidade. Planificar e adecuar as mesmas aos espazos e aos tempos nos que se realizan para dar resposta ás inquietudes das familias, favorecendo a cohesión e a integración do colexio co entorno.
- Potenciar a participación e a colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do colexio para conseguir unha formación básica, solidaria e que contribúa á efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tal e como se recolle nos **artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes** (DOG. 03/08/2004).
- Continuar mellorando os recursos tecnolóxicos, materiais curriculares, as infraestruturas, así como o coidado, a limpeza e a ornamentación do centro, dando resposta ás inquietudes da comunidade educativa e dentro dos límites que establece a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Facer as xestións necesarias para as melloras e mantemento do recinto escolar.
- Fomentar a participación activa das familias na vida do centro.
- Sensibilizar á comunidade educativa na necesidade de erradicar da nosa sociedade a discriminación de xénero.

Ademais das atribucións que lle corresponden por lei, prestará unha atención especial a estes dous aspectos:

- Favorecer a participación activa dos pais/nais nas actividades do centro.
- Transmitir aos organismos competentes as peticións formuladas polo claustro e consello escolar tendentes a subsanar as deficiencias do centro.

3.2.2. Obxectivos do Claustro de Mestras.

O **Capítulo III** do Regulamento orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (**Decreto 374/1996**), no **artigo 47º** recolle as atribucións que lle son propias ao claustro de mestras e que deben orientar o seu plan xeral de actuación.

Tamén, e dentro do plan de actuación deste órgano colexiado, deberemos ter en conta os obxectivos específicos que marcarán as súas liñas xerais de actuación:

1. Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos de centro e da programación xeral anual, así como a súa actualización.
2. Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
3. Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación do alumnado, así como a actualización dos programas e proxectos vinculados aos mesmos.
4. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro, centradas prioritariamente nas TIC e na atención a diversidade.
5. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
6. Informar das normas de organización e funcionamento do centro.
7. Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente, a través da actualización e revisión do Plan de Convivencia e das Normas de Organización e Funcionamento do Centro.
8. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a través de diferentes actividades complementarias e extraescolares.
9. Calquera outra que lles sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

Ademais das atribucións que lle corresponden por lei, prestará unha atención especial a estes aspectos:

- Colaborará co Equipo de Dinamización da Lingua Galega para conseguir unha real e efectiva normalización do idioma galego, tanto nas actividades académicas como nas relacións da vida escolar.
- Colaborará co Departamento de Orientación para levar á práctica programas en Educación Primaria orientados a mellorar a convivencia escolar.
- Propoñerá ao Consello Escolar que traslade ás autoridades competentes unha serie de melloras no centro.

3.2.3. Obxectivos do Consello Escolar.

Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, este órgano de goberno reunirse sempre que o centro así o precise e, como mínimo, unha vez ao inicio e outra ao remate do curso.

O **Capítulo III** do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (**Decreto 374/1996**), no **artigo 43º** recolle as atribucións que lle son propias ao Consello Escolar e que deben orientar o seu plan xeral de actuación.

Nestes momentos, e ao abeiro da lexislación vixente, o Consello Escolar do centro está composto pola responsable do mesmo, un representante do concello de A Veiga e unha representante de pais/nais de alumnos/as, sendo esta renovada este curso xa que a anterior representante xa non ten fillos/as no centro e esta persoa era a suplente que quedará elixida nas eleccións anteriores. Ademais conta con dúas vacantes por parte do profesorado as cales foron cubertas tamén no mes de setembro por dúas mestras, quedando renovado parcialmente o Consello Escolar.

As funcións e competencias do Consello Escolar son as marcadas legalmente pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (**LOMLOE**).

Os obxectivos son os que a continuación se relacionan:

1. Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o **capítulo II do título V** da presente Lei.

2. Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro de mestras en relación coa planificación e organización docente.
3. Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
4. Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.
5. Decidir sobre a admisión do alumnado con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.
6. Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
7. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
8. Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando porque se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
9. Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no **artigo 122.3**.
10. Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
11. Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
12. Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

13. Aprobar o proxecto de orzamento do centro.
14. Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

3.2.4. Obxectivos da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Os **obxectivos** da comisión de coordinación pedagóxica son, segundo o **Capítulo II** do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (**Decreto 374/1996**) no **artigo 62º**, os seguintes:

1. Elevar propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos e concrecións curriculares.
2. Velar para que a elaboración dos proxectos e concrecións curriculares de etapa e nivel, así como o plan de acción tutorial, se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
3. Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos e concrecións curriculares de etapa e nivel, e a programación xeral anual.
4. Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e nivel e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares.
5. Propoñer ao claustro de mestras os proxectos e concrecións curriculares para a súa aprobación.
6. Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos e concrecións curriculares de etapa.
7. Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó Centro de Formación e Recursos.

3.2.5. Obxectivos do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Tal como se establece no **decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o **plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, no CEIP Eduardo Ávila Bustillo constitúese un equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) para potenciar o uso do idioma.

Este equipo de dinamización elaborará un programa de actividades de fomento da nosa lingua, no marco do Proxecto Lingüístico de Centro e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Os *obxectivos* do Equipo de Dinamización da Lingua Galega son, segundo o **Capítulo III** do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (**Decreto 374/1996**), no **artigo 64º** os seguintes:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto e concrecións curriculares de nivel e etapa, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos os seguintes parámetros:
 - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades preveña na súa normativa específica.

3.2.6. Obxectivos de ciclo/nivel.

EDUCACIÓN INFANTIL

Os **fins** da etapa de educación infantil son:

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.

2. Na educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que as nenas e os nenos elaboren unha imaxe de si mesmos e mesmas positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Obxectivos de Educación Infantil.

Os obxectivos da etapa de Educación Infantil segundo o **artigo 7** do **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** son os seguintes:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
5. Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
8. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

9. Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A proposta de obxectivos do segundo ciclo de Educación Infantil para a PXA é a seguinte:

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autónomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Fomentar un proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da web do centro e distintos soportes, ademais de exposicións no propio recinto escolar.
- Achegar, na medida do posible, ao alumnado ás TIC.
- Fomentar o respecto cara outras linguas diferentes da propia.
- Respetar distintos grupos sociais próximos valorando, as súas características, producións culturais e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos/as con NEAE.
- Dedicar cada día da semana a un tipo diferente de alimento na merenda escolar.
- Empregar as papeleiras de reciclaxe das que dispón a aula.
- Concienciarse da redución de residuos a través do almorzo de media mañá.
- Fomentar un clima respetuoso entre o alumnado.

Para acadar os obxectivos propostos a metodoloxía que se empregará centrarase en:

1. Conformer un ambiente estable para que o neno/a veña contento á escola.
2. Basear a aprendizaxe en actividades lúdicas e estimulantes, que partan das súas necesidades e intereses.

3. Respetar a individualidade de cada neno/a para axudar a desenvolver a súa personalidade.
4. Traballar por proxectos que, ademais de favorecer estas aprendizaxes significativas, pretende establecer un lazo moi estreito coas familias, compartindo información e colaboración.

En canto á avaliación en infantil será continúa, individualizada, global e formativa. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, avaliarase segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da etapa de Educación Primaria segundo o **artigo 7** do **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non

discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

5. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

9. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

12. Coñecer e valorar aos animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

14. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Obxectivos do primeiro/segundo nivel de Educación Primaria.

- Considerar como obxectivo prioritario a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
- Incidir na necesidade de manter a atención para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores,... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos nenos e nenas e a mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Introducir ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a integración e a atención a diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.
- Traballar como centro de interese a loita contra a contaminación.

Obxectivos de terceiro/cuarto nivel de Educación Primaria.

- Potenciar a utilización da Lingua Galega para mellorar a competencia oral.
- Desenvolver actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos/as.
- Mellorar a competencia lectora do alumnado mediante as seguintes medidas:
 - a) Desenvolver actividades lectoras incidindo nunha comprensión e entoación axeitadas.
 - b) Seguir co proxecto “Plan Anual de Lectura”.
 - c) Solicitar a colaboración dos pais/nais para que os seus fillos/as lean diariamente na casa.

d) Potenciar o uso da biblioteca escolar e o sistema de préstamo.

- Facilitar estratexias que impliquen a mellora do razoamento lóxico-matemático, coa resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, así como a súa aplicación en situacións da vida cotiá.
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes.
- Desenvolver entre o alumnado, no ámbito do colexio e da aula, hábitos sociais tales como aprender a escoitar, non interromper e manter a atención ante calquera membro da comunidade educativa.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Implicar ao alumnado no respecto polas instalacións do colexio e da súa contorna.
- Mentalizar ao alumnado na defensa do Medio Ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable.
- Promover traballos de investigación utilizando as novas tecnoloxías e a biblioteca como principal centro de recursos.

Obxectivos do quinto nivel de Educación Primaria.

Ao finalizar o 6º curso cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ao ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos que traballaremos dende 5º curso, tendo en conta que en 6º curso non temos alumnado neste ano escolar:

- Potenciar un ambiente de estudo e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ao inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga,... manter silencio e atención ante as explicación dos docentes).
- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe.

- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía, valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.
- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:
 - ✓ Comprensión.
 - ✓ Velocidade adecuada.
 - ✓ Entoación.

En canto á escritura os aspectos priorizados serán:

- ✓ Velocidade.
 - ✓ Presentación.
 - ✓ Adecuación lexica.
 - ✓ Corrección sintáctica e ortográfica.
 - ✓ Exposición de ideas con orde e claridade.
- Apreciar o uso do galego como lingua útil en calquera situación de comunicación.
 - Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.
 - Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.
 - Seguir fomentando a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, etc., para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.
 - Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

En canto á avaliación, será continua, formativa e individualizada. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, avaliarase (ou non) segundo

as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

3.2.7. Obxectivos do Departamento de Orientación.

Segundo o **artigo 6º** do **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a **orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**, os departamentos de orientación terán as seguintes competencias:

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
3. Participar na elaboración dos proxectos educativo e concrecións curriculares do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
4. Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
5. Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
7. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.

8. Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándolas no proceso educativo dos seus fillos/as.

9. Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

3.2.8. Obxectivos do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.

O equipo da Biblioteca Escolar foi constituído tal e como se recolle na lexislación vixente.

A Biblioteca é un espazo recentemente reformado no curso 2021-22 (ventás, presianas e pintura de paredes) situado no primeiro andar do edificio, suficientemente iluminado e con mobiliario novo adquirido tamén no citado curso. Posúe un ordenador portátil para a xestión bibliotecaria e dous ordenadores de sobremesa para uso dos alumnos/as. Así mesmo, conta con proxector e PDI interactiva. No curso 2022-23 dotouse este espazo dalgunha cadeira e mesa para Educación Infantil, xa que non había para todos/as, e outra mesa para Educación Primaria para que os nenos/as tiveran dúas e ter máis espazo. Ademais adquiriuse unha mesa e cadeira de rodas para uso dos mestres/as. No presente ano académico, dotouse dalgunha mesa e cadeira a maiores para Educación Infantil, polo aumento da matrícula, así como o que vaia xurdindo e sexa preciso para o profesorado e alumnado do centro.

Os obxectivos do Equipo de Dinamización da Biblioteca son os seguintes.

1. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o Proxecto Anual de Lectura e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da Consellería, a elaboración e posta en práctica do Proxecto Lector de Centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.

5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
10. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

3.2.9. Obxectivos do Equipo de Dinamización das TIC.

Os obxectivos do Equipo de Dinamización das TIC son os seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor Abalar da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor Abalar da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborar, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Inventariar todo o material TIC existente no centro.
6. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.

7. Desenvolver actividades de formación relacionadas coas TIC (Plan de formación permanente do profesorado ou grupo de traballo).
8. Colaborar no deseño e desenvolvemento de actividades TIC por parte do profesorado que o solicite a través de titorías individuais e grupais.
9. Dinamizar a publicación de contidos de actualidade sobre o colexio a través da páxina web e galería de imaxes do centro.
10. Informar ás familias do centro sobre as diferentes ferramentas de control parental existentes para unha navegación segura por Internet.
11. Por en marcha os novos obxectivos e accións do Plan Dixital do centro elaborado no curso 2021-22.
12. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableza na súa normativa específica.

3.2.10. Obxectivos do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Os obxectivos principais son:

- Organización e coordinación no ciclo de Educación Infantil e nos diferentes niveis de Educación Primaria das saídas escolares, festivais, festas, exposicións e conmemoracións.
- Fomentar dunha maneira lúdica a convivencia entre todos os alumnos/as do centro.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Utilizar as actividades complementarias e extraescolares co fin de fomentar a formación integral dos nenos/as do colexio.
- Promocionar e programar actividades complementarias e extraescolares.
- Fomentar o coñecemento e participación dos alumnos/as nas festas populares e tradicionais da nosa cultura.
- Conseguir que os nenos/as sexan quen de situar no tempo cada unha das festas tradicionais e comprendan a idiosincrasia das mesmas.

- Colaborar na organización de calquera actividade que as distintas comisións, departamentos, equipos ou mestres/as demanden.
- Elaboración de información ás familias sobre as actividades programadas.
- Xestión-solicitud de autobuses.
- Colaboración coa ANPA “A Galocha” das actividades organizadas no centro.
- Festas e celebracións a nivel de centro e aula (**ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o *calendario escolar para o curso 2023-24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia***).

3.2.11. Obxectivos do Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar.

O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar** marca as directrices para a creación da Comisión de Convivencia Escolar e o deseño e desenvolvemento do Plan de Convivencia no centro.

Os obxectivos do equipo son os seguintes:

- Valorar a importancia do respecto entre todos os membros da comunidade.
- Actuar con respecto con outras persoas.
- Minimizar as faltas de asistencia e puntualidade coa colaboración das familias.
- Procurar a creación dun bo clima de traballo, esforzo e cooperación.
- Colaborar con entidades do contorno.
- Fomentar o interese pola diversidade cultural e o respecto por outras culturas e costumes.

3.2.12. Obxectivos do alumnado.

Os obxectivos para o alumnado do centro segundo a **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (**LOMLOE**) son:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos/as.
2. A educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, relixión, convicción, idade, de discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, ou calquera outra condición ou circunstancia.
3. A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
4. A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
5. A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e os dereitos dos animais e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
6. O desenvolvemento da capacidade dos alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
7. A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
8. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
9. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados de colaboración social.
10. A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houber, e nunha ou máis linguas estranxeiras.
11. A preparación para o exercicio da cidadanía, para a inserción na sociedade que lle rodea e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con

actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

12. A capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

En definitiva, axudalos na súa preparación de cara a unha participación activa na sociedade, cada vez máis complicada e esixente para eles/elas.

3.2.13. Obxectivos pais/nais/titores legais do alumnado.

1. Fomentar o día de titoría de pais/nais.
2. Favorecer a participación na ANPA do centro.
3. Axudar economicamente en determinadas cuestións.
4. Apoiar os proxectos que se levan a cabo no centro.
5. Participar nas charlas, obradoiros e outras actividades que se organicen a nivel de pais, nais e titores.
6. Colaborar na supervisión e control das actividades extraescolares nas que se lles solicite axuda.
7. Colaborar co claustro na posta en marcha de plans e proxectos que se poñan en marcha.
8. Seguir apoiando os proxectos encamiñados a mellorar a disciplina do alumnado.

3.3. Obxectivos da xestión económica.

3.3.1. Criterios de adquisición de material.

1. Cada titoría e especialistas establecen os criterios para a compra e uso do material funxible.

2. As familias do alumnado poderán colaborar economicamente naquelas actividades extraescolares que demanden un elevado custo económico para o centro.
3. Intentaremos que cada titoría dispoña dunha cantidade variable cada curso escolar, segundo as achegas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para adquirir material didáctico non funxible para os niveis existentes no centro (xogos educativos,...). Dentro das prioridades, este ano favorecerase a compra de material para o ximnasio e clases de Educación Física, así como para a aula de música, xa que nos cursos escolares anteriores non se adquiriu nada para estas materias.
4. O centro poderá contar coa axuda económica das familias para os gastos motivados das celebracións festivas de distinta natureza que se produzan no centro.
5. Existe un compromiso coa dotación económica para a biblioteca escolar dun 5-10% do orzamento da conta de Gastos de Funcionamento como establece a **Instrucción da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2023/2024 (Resolución do 20 de setembro de 2023)**.

3.3.2. Investimento dotado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

As cantidades de diñeiro ingresadas neste centro, teñen como obxectivo manter operativo o mesmo. Con elas cóbrense os gastos que xeran o mantemento de mobiliario e utensilios, as necesidades administrativas, comunicacións, subministracións, gastos de comedor e gastos diversos que apoiem a actividade docente.

Dentro destes Orzamentos anuais do Centro, contemplaranse distintas partidas para poder facer fronte aos gastos económicos que poidan ser necesarios para conseguir os obxectivos propostos.

No mes de xaneiro elaboraremos o resumo das contas, de gastos e ingresos de funcionamento, e presentáremoslos ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades unha vez sexan aprobadas polo Consello Escolar.

4. PROXECTO EDUCATIVO.

4.1. Concrección anual do PE.

A nosa proposta educativa concrétase cada ano na Programación Xeral Anual. Para a súa elaboración temos en conta o resultado da avaliación do curso anterior e a reflexión realizada sobre as necesidades detectadas da nosa práctica educativa e no marco do noso Proxecto Educativo.

Toda a comunidade educativa traballa para que o noso centro eduque dende o principio dos sinais de identidade que se definen no noso PE.

Como obxectivo xeral neste sentido e durante os cursos anteriores veuse traballando nesta liña e consideramos importante seguir co traballo iniciado e cos diferentes proxectos que del se derivan.

4.2. Modificación ao Proxecto Educativo.

Como consecuencia dos obxectivos propostos no **apartado 3** da PXA realizaremos, ao longo do curso 2023/2024, actualizacións ou revisións que sexan precisas como as seguintes:

- Adaptación á lexislación vixente dos documentos oficiais do centro.
- Addenda do Proxecto Lingüístico.
- Modificación dos criterios de cualificación.
- Programacións de nivel.

O Proxecto Educativo do centro e os documentos que del forman parte aparecen recollidos no **Anexo I** deste documento.

5. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

5.1. Estructura orgánica do centro.

No presente curso académico a estrutura orgánica do centro é:

ETAPA EDUCATIVA	UNIDADES
----------------------------	-----------------

Educación Infantil	1
Educación Primaria	1

5.2. Órganos de goberno.

A) Unipersoais.

- Equipo Directivo.

Responsable do centro: Alba Garrido Vidueira.

B) Colexiados.

- Claustro de Mestras.

Responsable do centro: Alba Garrido Vidueira (Educación Física).

Mestras: Eugenia Rodríguez Gestido (Educación Infantil), María de la Luz Alonso Díaz (Inglés), Irene Rodríguez Rodríguez (PT) e Emilia Pereira Fernández (Relixión).

As **reunións do claustro** terán lugar unha vez ao trimestre como mínimo. Reuniranse antes das reunións do Consello Escolar e se é preciso celebraranse todas as reunións extraordinarias que sexan necesarias.

- Consello Escolar.

- Presidenta: Alba Garrido Vidueira.

- Representante Concello: Vicente Lameiro Alonso.

- Representante de pais/nais: Cristina Tiscar Mora.

- Mestras: María de la Luz Alonso Díaz.

Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do Consello Escolar** terán lugar obrigatoriamente nas seguintes ocasións:

- Para aprobar a PXA, as NOFC (Normas de organización e funcionamento) e os balances económicos. A final de curso para aprobar a memoria.
- Unha vez por trimestre.

Reunirase con carácter extraordinario todas as veces que sexa preciso.

C) Órganos de coordinación docente.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica.**

Alba Garrido Vidueira: responsable do centro e mestra de educación física (coordinadora).

María de la Luz Alonso Díaz: titora do grupo mixto de Educación Primaria e mestra de Lingua Extranxeira: Inglés.

Eugenia Rodríguez Gestido: titora do grupo mixto de Educación Infantil.

Irene Rodríguez Rodríguez: mestra de Pedagogía Terapéutica.

As reunións da CCP terán lugar o terceiro luns de cada mes. Celebrarase tamén unha reunión extraordinaria ao inicio de curso e outra ao finalizar este, así como todas as reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo Ciclo de Educación Infantil.**

Membros: Eugenia Rodríguez Gestido (coordinadora e titora), Alba Garrido Vidueira, María de la Luz Alonso Díaz e Emilia Pereira Fernández.

As reunións do Equipo de Educación Infantil terán lugar o primeiro luns de cada mes.

- **Equipo 1º, 2º, 3º Ciclo de Educación Primaria.**

Membros: María de la Luz Alonso Díaz (coordinadora e titora), Alba Garrido Vidueira, Eugenia Rodríguez Gestido, Irene Rodríguez Rodríguez e Emilia Pereira Fernández.

As reunións do Equipo de Educación Primaria terán lugar o primeiro luns de cada mes.

- **Titorías.**

- Titoría de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. Eugenia Rodríguez Gestido.
- Titoría 1º, 2º, 3º, 4º e 5º de Educación Primaria. María de la Luz Alonso Díaz

Fíxase na PXA unha hora de **reunión semanal** para atención aos pais/nais. Esa hora queda fixada os luns de 17:15 a 18:15 horas.

5.3. Profesorado e adscrición do mesmo.

A adscrición do profesorado para este curso 2023/24 é a seguinte:

- Alba Garrido Vidueira: Mestra especialista en educación física. Impartirá educación física, matemáticas, ciencias da natureza e proxecto competencial en Educación Primaria. En Educación Infantil impartirá psicomotricidade e fará apoios.
- María de la Luz Alonso Díaz: mestra especialista en inglés. Impartirá inglés, lingua galega, lingua castelá, educación plástica e visual e ciencias sociais en Educación Primaria. En Educación Infantil impartirá inglés, atención educativa e realizará apoios.

- Irene Rodríguez Rodríguez: mestra especialista de pedagogía terapéutica. Fará apoios en lingua castelá, lingua galega e matemáticas en Educación Primaria. Esta mestra acudirá todos os días ao centro menos os mércores e xoves que itinera co CEIP San Martiño (Vilariño de Conso).
- Eugenia Rodríguez Gestido: mestra especialista en Educación Infantil e afín con educación musical impartirá dita materia en Educación Primaria e Educación Infantil.
- Emilia Pereira Fernández: impartirá relixión católica en Educación Infantil e Educación Primaria. Acudirá ao centro os mércores.
- Mª Francisca Rodríguez Serrano: Xefa do Departamento de Orientación do Ceip Eduardo Ávila Bustillo (A Veiga). Acudirá ao centro cada 15 días os martes en horario de 10:00-13:00 horas.

5.4. Equipos docentes.

- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

Membros: Alba Garrido Vidueira (coordinadora), Eugenia Rodríguez Gestido, María de la Luz Alonso Díaz e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do ENDL** terán lugar unha vez ao trimestre no último luns dun dos meses. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**

Membros: Alba Garrido Vidueira (coordinadora), Eugenia Rodríguez Gestido, María de la Luz Alonso Díaz e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do EACE** atendendo á lexislación vixente deberán reunirse como mínimo cunha periodicidade trimestral con carácter ordinario. Sen embargo, o claustro, por motivos de organización, decide levar a cabo unha reunión mensual que terá

lugar o segundo luns de cada mes. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.**

Membros: Eugenia Rodríguez Gestido (coordinadora), Alba Garrido Vidueira, María de la Luz Alonso Díaz e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do EDBE** atendendo a lexislación vixente deberán reunirse como mínimo cunha periodicidade trimestral con carácter ordinario. Sen embargo, o claustro, por motivos de organización, decide levar a cabo unha reunión mensual que terá lugar o segundo luns de cada mes. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar.**

Membros: Irene Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Alba Garrido Vidueira, María de la Luz Alonso Díaz e Eugenia Rodríguez Gestido.

As **reunións do EDCE** será unha vez ao trimestre. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de Dinamización de Benestar e Convivencia.**

Este Equipo confórmase este curso escolar tendo en conta a **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a **figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia**.

Membros: Irene Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Alba Garrido Vidueira, María de la Luz Alonso Díaz e Eugenia Rodríguez Gestido.

As **reunións do EDBC** será unha vez ao trimestre conxuntamente coa de EDCE. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de TICS-ABALAR.**

Membros: María de la Luz Alonso (coordinadora), Alba Garrido Vidueira, Eugenia Rodríguez Gestido e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do Equipo Tics-Abalar** atendendo a lexislación vixente deberán reunirse como mínimo cunha periodicidade trimestral con carácter ordinario. Sen embargo, o claustro, por motivos de organización, decide levar a cabo unha reunión mensual que terá lugar o segundo luns de cada mes. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

- **Equipo de E-dixgal.**

Membros: María de la Luz Alonso (coordinadora), Alba Garrido Vidueira, Eugenia Rodríguez Gestido e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do Equipo E-dixgal** atendendo a lexislación vixente deberán reunirse como mínimo cunha periodicidade trimestral con carácter ordinario. Sen embargo, o claustro, por motivos de organización, decide levar a cabo unha reunión mensual que terá lugar o segundo luns de cada mes. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

5.5. Departamento de Orientación.

O CEIP Eduardo Ávila Bustillo está adscrito ao Departamento de Orientación do CEIP Bibeí (Viana do Bolo) composto pola xefa do departamento de orientación, a responsable do noso centro, a responsable do CEIP San Martiño (Vilariño de Conso) e as mestras que conforman o DO do CEIP Bibeí (coordinadora de Educación Infantil, coordinadoras de ciclos de Educación Primaria, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica e mestra especialista en Audición e Linguaxe).

Levarase a cabo unha reunión trimestral no CEIP Bibeí á que debe asistir de maneira telemática a responsable deste centro. Sen embargo, ao longo do curso, poderán realizarse máis convocatorias segundo as necesidades.

5.6. Persoal non docente.

- **Persoal de cociña.**

- Antonia Prada Fernández.

O persoal de cociña contratado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten un horario semanal de trinta e sete horas e media cos descansos, licenzas, permisos e vacacións que legalmente lle corresponden.

As súas funcións (***Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docente públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades***) especificanse no documento que recolle as Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

5.7. Alumnado.

Actualmente o centro conta con **16 alumnos/as** matriculados para o presente ano académico agrupados en dúas unidades:

Unha unidade de Educación Infantil con 10 alumnos/as distribuídos como se recolle no seguinte cadro:

CURSO	NÚMERO DE ALUMNOS/AS
4º Curso de Ed. Infantil	4
5º Curso de Ed. Infantil	4

6º Curso de Ed. Infantil	2
--------------------------	---

Unha unidade formada por 6 alumnos/as do 1º, 2º, 3º, 4º e 5º nivel de Educación Primaria distribuidos como se recolle no seguinte cadro:

NIVEL	NÚMERO DE ALUMNOS/AS
1º Nivel de Ed. Primaria	2
2º Nivel de Ed. Primaria	1
3º Nivel de Ed. Primaria	1
4º Nivel de Ed. Primaria	1
5º Nivel de Ed. Primaria	1
6º Nivel de Ed. Primaria	0

5.7.1. Alumnado con NEAE.

Este curso, a atención ao alumnado con NEAE correrá a cargo da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica dona Irene Rodríguez Rodríguez, que asiste ao centro tódolos días menos os mércores e xoves. No noso centro fará 13 sesións de apoio en Educación Primaria.

Debido a que a mestra de PT non ten máis sesións dispoñibles, na etapa de Educación Infantil farán apoios para completar o seu horario e solventar as dificultades existentes no grupo-clase dona Mari de la Luz Alonso Díaz (un total de tres sesións) e dona Alba Garrido Vidueira (un total de dúas sesións). De todos os xeitos, se ao longo do curso xurden novas necesidades faranse as modificacións necesarias en beneficio do alumnado con dificultades.

Realizaranse apoios e reforzo educativos, segundo se establece no DOC e no Plan de Orientación. As estratexias metodolóxicas e organizativas de atención a este

alumnado están reflectidas na programación de aula, no Plan de orientación e no Plan de Atención á Diversidade. Todos estes plans figuran no Proxecto Educativo.

5.8. Horarios.

5.8.1. Xornada escolar e distribución das sesións.

O centro funciona con xornada partida de 10 horas da mañá a 16 horas da tarde.

HORARIO OUTUBRO-MAIO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	10:00-10:50				
2ª SESIÓN	10:50-11:40				
RECREO	11:40-12:10				
3ª SESIÓN	12:10-13:00				
4ª SESIÓN	13:00-13:50				
PLAN LECTOR	13:50-14:10				
COMEDOR	14:10-15:10				
5ª SESIÓN	15:10-16:00				

HORARIO SETEMBRO E XUÑO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	10:00-10:45				
2ª SESIÓN	10:45-11:30				
3ª SESIÓN	11:30-12:15				

RECREO	12:15-12:45
4ª SESIÓN	12:45-13:30
5ª SESIÓN	13:30-14:15
COMEDOR	14:15-15:10

5.8.2. Horarios dos grupos.

HORARIO ALUMNADO EI

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:50	GL	INGL	MÚS	GL	GL
10:50-11:40	GL	GL	REL/PC	GL	GL
11:40-12:10	RECREO				
12:10-13:00	GL	GL	GL	PELO	GL
13:00-13:50	PSICOM	GL	GL	GL	GL
13:50-14:10	PLAN LECTOR				
14:10-15:10	COMEDOR				
15:10-16:00	GL	GL	GL	GL	GL

HORARIO ALUMNADO 1º, 2º, 3º, 4º E 5º EP

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:50	MAT(1º-2º) INGL (3º-4º-5º)	MAT	REL/PC	INGL	MAT
10:50-11:40	EF	MAT	MÚS	INGL	MAT

11:40-12:10	RECREO				
12:10-13:00	LC	LG	CCNN	CCSS	LC
13:00-13:50	LC	LG	CCNN	CCSS	LC
13:50-14:10	PLAN LECTOR				
14:10-15:10	COMEDOR				
15:10-16:00	LG	CCNN (1º-3º-5º) CCSS (2º-4º)	EF	PLÁST	LG

5.8.3. Quendas e vixiancia do transporte e recreos.

a) Entradas e saídas.

Segundo a lexislación actual, o profesorado debe facerse cargo dos períodos que van dende que o alumnado transportado chega ao centro ata o comezo do horario lectivo, así como dende o remate deste ata a saída dos autobuses. As quendas de vixilancia de **transporte** están distribuídas da seguinte maneira (a mestra titora de Educación Infantil, decide non colaborar na atención do alumnado transportado):

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	-------------	---------------	-----------------	--------------	---------------

09:45-10:00 (Entrada)	Alba	Mari Luz Irene	Alba Emilia	Mari Luz Alba	Irene
16:00-16:15 (Saída)	Irene	Mari Luz	Alba	Mari Luz	Irene

b) Vixiancia de recreos.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:40-12:10	Irene	Mari Luz	Emilia	Alba	Eugenia

5.8.4. Gardas de atención á lectura.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
13:50-14:10	Irene (EI) Mari Luz (EP)	Eugenia (EI) Irene (EP)	Alba (EI) Mari Luz (EP)	Eugenia (EI) Alba (EP)	Irene (EI) Alba (EP)

5.8.5. Horario de atención ás familias.

a) Horario de entrevistas individuais.

Todos os luns de 17.15 a 18.15 horas en horario normal (outubro-maio) e en horario de xornada reducida (setembro e xuño) será de 15:15 a 16:15 horas. Como norma

xeral, concertarase unha cita ben por parte do profesorado titor/a ou por parte das familias. Será posible para as familias solicitar outra hora de tutoría sea mestra está dispoñible.

b) Vacacións e períodos non lectivos.

As actividades lectivas abranguen dende o día 11 de setembro do 2023 ata o 21 de xuño do 2024, ámbolos dous inclusive. Os **comedor escolar** funcionará con estas mesmas datas.

As vacacións de Nadal abranguerán dende o día 22 de decembro do 2023 ata o día 7 de xaneiro do 2024, ámbolos dous inclusive.

As vacacións de Entroido abranguerán os días 12, 13 e 14 de febreiro do 2024.

As vacacións de Semana Santa abranguerán dende o día 25 de marzo ata o día 1 de abril do 2024, ámbolos dous inclusive.

Considéranse **día non lectivo** o correspondente ao **día do Ensino**, que será este curso o día 7 de decembro do 2023.

Como **días non lectivos de libre disposición** pediremos, por razóns de tipo pedagóxico, os días 13 de outubro do 2023 e o 20 de maio do 2024.

c) Reunións de tutorías colectivas coas familias.

Educación Primaria: Reunión inicial durante os meses de setembro-outubro de maneira presencial. A partir desta data concretaranse as posteriores; unha por trimestre, podendo haber as reunións extraordinarias que se considere.

Educación Infantil: Reunión inicial durante os meses de setembro-outubro de maneira presencial. A partir desta data concretaranse as posteriores; unha por trimestre, podendo haber as reunións extraordinarias que se considere.

d) Horario de dirección.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:50					

10:50-11:40				X	
11:40-12:10	RECREO				
12:10-13:00	X	X			X
13:00-13:50					X

5.9. Entrega de notas.

Farase unha **avaliación inicial** no mes de setembro na que se levantará acta por parte das titoras e serán elas mesmas as que recollerán nun informe individualizado os datos máis relevantes dos nenos/as coas aportacións das mestras especialistas. Dito informe quedará arquivado na carpeta persoal de cada alumno/a. Desta avaliación inicial as mestras titoras informarán aos pais/nais dos datos que se recollan.

As notas de cada avaliación serán entregadas polas titoras ao alumnado ou familias segundo decidan os seguintes días:

- **Primeira avaliación:** o día 21 de decembro de 2023.
- **Segunda avaliación:** o día 22 de marzo de 2024.
- **Terceira avaliación:** o 21 de xuño de 2024.

Os boletíns informativos das cualificacións do alumnado entréganse os días marcados anteriormente aínda que as familias poderanas ver tamén ese mesmo día nos seus dispositivos móbiles grazas a aplicación “Abalar móbil”.

Xunto cos boletíns de cada unha das tres avaliacións sería convinte entregar un informe individualizado de cada alumno/a elaborado pola titora. Ademais, a mestra de Pedagogía Terapéutica, elaborará un informe de cada un dos alumnos/as que reciben

apoio pola súa parte. Farase unha copia de ditos informes que quedarán arquivados no expediente de cada alumno/a.

5.10. Programación e calendario de reunións.

5.10.1. Reunión coas familias.

A primeira semana de curso terá lugar unha **reunión cos pais e nais** do alumnado do colexio para informarlles sobre a etapa educativa na que se atopan os seus fillos/as, este ano realizarase o día 11 de setembro en horario de 15:15 a 16:15 horas. Nesta reunión a responsable do centro explicará obxectivos xerais e funcionamento do centro. O seguinte luns 18 de setembro en horario de 16:15 a 17:15 horas, cada familia reunirse coa titora correspondente. Tamén se programarán reunións globais cos pais/nais para diferentes temas e exposicións de liñas xerais do plan de traballo e a evolución dos seus fillos/as.

Cara finais de curso, tamén terá lugar unha reunión xeral coas familias do alumnado, para planificar determinados aspectos do vindeiro curso: servizos educativos complementarios, libros de texto, becas, etc.

5.10.2. Reunións de avaliación.

Celebraranse **catro reunións de avaliación en Educación Infantil e cinco en Educación Primaria**, con todo o profesorado que incide en cada nivel, nas seguintes datas:

- ***Avaliación inicial:*** 2 de outubro de 2023.
- ***Primeira avaliación:*** 11 de decembro de 2023.
- ***Segunda avaliación:*** 11 de marzo de 2024.
- ***Terceira avaliación:*** 10 de xuño de 2024.

- **Avaliación ordinaria:** 10 de xuño de 2024.

Sería convinte que na semana de avaliación se teñan metidas en xade as faltas e as notas de cada materia por parte da titora de cada grupo, axilizando así a xeración e impresión de boletíns de calificacións, así como da carta de faltas de cada alumno/a.

A responsable do centro comunicará ao Claustro e Consello Escolar todos aqueles temas que sexan de interese para o centro e recadará a súa opinión e aprobación previa á toma de calquera decisión.

5.11. TICS.

A responsable da dinamización das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación será dona María de la Luz Alonso Díaz. Como obxectivo prioritario procurárase que todo o alumnado utilice as novas tecnoloxías, ben coa titora, ou ben coas mestras especialistas.

O centro conta con bastante material TIC:

- Multifunción RICOH.
- Multifunción BROTHER.
- Multifunción KONICA.
- 14 equipos completos con pantalla e torre para aulas e espazos comúns (dirección, sala de mestras, aulas de Primaria, etc.).
- 1 ordenador portátil para catalogar libros na biblioteca.
- Ordenadores portátiles con maletíns para alumnos/as de Educación Primaria.
- Lectores de dnis.
- Cascos para o alumnado.
- Ratos para ordenadores.
- Carro de carga do proxecto E-dixgal.
- Ordenadores portátiles para as mestras que seguen o programa E-dixgal.
- Paneis dixitais interactivos nas aulas de Educación Infantil e Educación Primaria (intalados no curso 2022-23).

- PDIs e proxectores na outra aula de Educación Primaria, biblioteca, aula de música e ximnasio.
- 1 mesa de luz cun panel A1.
- 1 panel de luz.

Dicir que en 5º curso de Educación Primaria contamos co proxecto E-dixgal e ao ter só un alumno, o equipo Premium permítenos usar o resto de ordenadores do proxecto cos alumnos/as de toda a Educación Primaria.

Destacar tamén que temos conexión wifi inalámbrica e por cable por todo o centro dende o curso 2022-23. Ademais puxéronse porteiros automáticos con cámara nas entradas de transporte e entrada peatonal ao centro tamén no curso 2022-23.

Ao igual que en cursos anteriores, o centro seguirá solicitando á Consellería material TIC como un ordenador portátil e dous ordenadores de sobremesa actualizados e de maior velocidade para a biblioteca e sala de mestres/as. Ademais o resto de ordenadores de sobremesa que temos para uso do alumnado/mestres-as nas diferentes aulas tamén están obsoletos e sería convinte renovalos pouco a pouco, especialmente o do ximnasio e aula de música que son precisos para que as PDI funcionen correctamente. Tamén estaría ben dotar ao centro con equipos de vídeo, fotografía, equipo de música e altavoces exteriores para por música.

Estableceremos un protocolo de actuación e poremos en práctica o Plan TIC que figura no **punto 6.7.** desta PXA.

Este ano continuarase actualizando a páxina web do colexio. Continuaremos pedindo por escrito ás familias que dean a súa autorización para usar imaxes nesta páxina e noutros medios dado que o protocolo sobre a protección da imaxe dos menores así o esixe.

Así mesmo, continuaremos coas nosas redes sociais de “facebook” e “instagram” dando a coñecer o noso centro e algunhas das actividades que facemos. Para as notificacións usaremos o e-mail, así como a aplicación “Abalar móbil”.

Por último, destacar que neste curso escolar solicitouse un PFPP no que seguiremos traballando no **Plan Dixital** do centro, con novos obxectivos e actividades; así como unha liña de **Polos Creativos** coa que se conseguirá un gran avance na formación do profesorado e traballo co alumnado do centro neste ámbito, con novos materiais e recursos.

5.12. Libros de texto e demais materiais curriculares.

Dentro dos materiais que se utilizarán para facilitar o proceso de ensino- aprendizaxe podemos englobar os libros de consulta, o material multimedia, e os recursos variados de apoio (pósters, murais, regras, balanzas, calculadoras, ábacos, etc...) dos que dispón o centro.

A listaxe de libros de texto para o curso 2023/24 é a seguinte:

Educación Infantil

<u>4º Educación Infantil</u>	
ISBN 978-84-680-5822-1	Lecto+. Nivel 1. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-6391-1	3 años MATE+. Editorial Santillana.
<u>5º Educación Infantil</u>	
ISBN 978-84-680-5826-9	Lecto+. Nivel 2. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-5823-8	Lecto+. Nivel 3. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-5905-1	4 años MATE+. Editorial Santillana.
<u>6º Educación Infantil</u>	
ISBN 978-84-680-5825-2	Lecto+. Nivel 4. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-5828-3	Lecto+. Nivel 5. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-5907-5	5 años MATE+. Editorial Santillana.

Educación Primaria

<u>1º Educación Primaria</u>	
ISBN 978-84-680-7719-2	1PRI LENGUA+ Tareas y destrezas comunicativas. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-399-2	1PRI LECTOESCRITURA Construyendo mundos (1-1). Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-1967	LEQUELÉ. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-7894-6	1PRI MATE+ Matemáticas para pensar. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-411-1	1PRI CC. DA NATUREZA Construyendo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-414-2	1PRI CC. SOCIAIS Construyendo mundos. Editorial Santillana.
<u>2º Educación Primaria</u>	
ISBN 978-84-144-4831-1	2PRI LENGUA+ Tareas y destrezas comunicativas. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-675-7	2PRI LINGUA. Construyendo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-144-0885-8	2PRI MATE+ Matemáticas para

	pensar. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-694-8	2PRI CC. DA NATUREZA. Construindo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-696-2	2PRI CC. SOCIAIS. Construindo mundos. Editorial Santillana.
<u>3º Educación Primaria</u>	
ISBN 978-84-680-7201-2	3PRI LENGUA Construyendo mundos. Mochila Ligera. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-409-8	3PRI LINGUA Construindo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-680-7670-6	3PRI MATE+ Matemáticas para pensar. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-410-4	3PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-416-6	3PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos. Editorial Santillana.

<u>4º Educación Primaria</u>	
ISBN 978-84-144-0275-7	4PRI LENGUA+. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-705-1	4PRI LINGUA Construyendo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-144-0292-4	4PRI MATE+ Matemáticas para pensar. Serie PRÁCTICA. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-692-4	4PRI CC. DA NATUREZA Construyendo mundos. Editorial Santillana.
ISBN 978-84-9185-698-6	4PRI CC. SOCIAIS Construyendo mundos. Editorial Santillana.
<u>5º Educación Primaria</u>	
Proxecto E-dixgal	
<u>6º Educación Primaria</u>	
Proxecto E-dixgal	

5.13. Faltas de asistencia.

No que atinxe ás faltas de asistencia do alumnado acórdase que as familias deberán preocuparse por informar ao titor/a do seu fillo/a da falta e da causa. Cando se reincorporen ao centro deberán traer xustificación por escrito ou nota asinada polos pais/nais segundo o modelo elaborado polo centro que está dispoñible na secretaría do centro e a disposición das titoras. As titoras rexistrarán as faltas en XADE.

En todo caso seguirase o Protocolo de Absentismo aprobado pola Xunta.

Tamén se acorda que ningún alumno/a poderá saír do recinto escolar, en horas lectivas, se non é acompañado polo seu pai/nai ou titores legais, previo aviso á dirección ou á mestra titora, cubrindo e asinando a autorización elaborada para o efecto.

No que atinxe ás faltas de mestres/as, seguirase a lexislación vixente sobre o tema, presentando documentación ante a dirección do centro educativo segundo o modelo que temos nas dependencias do mesmo.

5.14. Instalacións do centro.

As instalacións escolares, en horario lectivo, son para ser utilizadas polo alumnado e polo profesorado. Polo tanto, salvo situacións que se estudarán no seu momento, non haberá persoas alleas nel.

Fóra do horario lectivo son utilizadas polo Concello, ANPA e outras asociación con autorización do Consello Escolar e da Xefatura Territorial para diferentes actividades.

Para a cesión das instalacións, a persoa ou entidade solicitante deberá facer unha solicitude á dirección do centro na que comunicará os datos da persoa ou entidade solicitante, datos da actividade a desenvolver e as obrigas coas que se compromete.

Unha vez recibida a solicitude a dirección do centro presentaraa ao Claustro de Mestras e ao Consello Escolar.

A cesión das instalacións deberá contar coa aprobación do Claustro e do Consello Escolar do centro e seguirá a tramitación legal que se contempla na **Orde do 22 de xullo de 1997**, no seu **capítulo 3, punto 9**.

Calquera estrago que se puidera producir nas instalacións do centro por calquera tipo de cesión deberá ser arranxado, e será responsable del a persoa encargada desa actividade, ou o solicitante da cesión.

A conservación e mantemento das instalación do centro son competencia do Concello de A Veiga.

A comezos de novembro deste curso escolar fíxose chegar ao concello as necesidades en canto a mantemento e obras de mellora en diversas instalacións do centro.

Estas son:

TAREFAS DE MANTEMENTO COMEZADAS NO CURSO 2022-23

Existen unha serie **de tarefas que se comezaron no curso anterior** e non se deu continuidade nas mesmas:

1. Ordenación do cableado dos diferentes aparellos e dispositivos electrónicos cun sistema de canaletas.
2. Posta en funcionamento de pantallas e proxectores no ximnasio e aula de música.
3. Luz exterior (tamén no punto de tarefas esixidas pola Consellería).

TAREFAS DE MANTEMENTO E MELLORA

1. Reprogramación da caldeira e revisión de radiadores.
2. Limpeza de lixo no exterior ao lado do papeleira de reciclaxe de papel.
3. Colocación dunha papeleira de reciclaxe de plástico fóra do recinto escolar.
4. Colocación dunha papeleira con sistema de tapa pechada para o patio escolar.
5. Limpeza semanal da entrada ao recinto (porta peatonal), así como dos xardíns, patio escolar e portas de entrada principal ao centro educativo.
6. Arranxo dunha goteira nunha das aulas de Educación Primaria.

7. Colocación dunhas portas con chaves nas casetas situadas na zona traseira do colexio.
8. Alisado de terra na zona posterior ao colexio. Se é posible estaría ben botar cemento.
9. Montaxe de mobles adquiridos e recolocación doutros existentes.
10. Quitar mobles vellos do centro.
11. Mirar a posibilidade de quitar os pinos que hai ao lado das aulas de Educación Primaria.

TAREFAS ESIXIDAS POLA CONSELLERÍA

Trala visita o luns 30 de outubro de 2023 da persoa responsable de **Prevención e Riscos Laborais** contratada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades esixiunos no mínimo prazo posible unha serie de tarefas necesarias e que non están feitas como son:

- Poda de ramas dunha árbore que está danando o tellado do cole.
- Colocar alumeado de emerxencia no interior da instalación do centro educativo.
- Alumeado exterior cara a zona de entrada de transporte e porta peatonal.
- Crear unha liña de vida no tellado que permita anclarse para calquera tarefa (estes anclaxes deben ser revisados unha vez ao ano).
- Limpeza dos tellados quitando ramas e herbas.
- Limpeza na sala de caldeiras da máquina correspondente.
- Fichas de seguridade dos produtos de limpeza empregados pola persoa contratada polo Concello para a limpeza do centro educativo.
- Ampliación do tellado exterior na parte traseira onde a porta de entrada a cociña (entra auga na sala de caldeira).
- Anclar á parede as estanterías de libros e material da biblioteca escolar.
- Peche total do recinto escolar. Buscar a maneira de abrir/pechar a porta comunicada co ximnasio do que disfrutan os veciños/as de A Veiga fóra de horario lectivo.
- Empresa encargada da revisión e colocación de extintores:
 - ✓ Colocación dun extintor "F" ao lado da campana.
 - ✓ Colocación dun extintor "CO2" ao lado do cadro xeral de automáticos.
 - ✓ Reubicación das saídas (carteis verdes de saída).
 - ✓ Colocación de carteis vermellos fluorescentes ao lado dos extintores.

TAREFAS RELACIONADAS CON OBRAS FEITAS NO CENTRO RECENTEMENTE

Obras levadas a cabo pola empresa Valdeconsa no curso 2021-22.

- Revisión do peche das fiestras, así como das presianas. As fiestras non cerran ben e as presianas sáense do sitio constantemente.

Obras levadas nos baños de Educación Infantil, Primaria e baños de mestres/as no curso 2022-23:

- Cando se fixeron os baños de Educación Primaria deixouse anulada a saída para ter auga nun patio cuberto exterior preto do comedor. Este grifo precisa auga polo que, segundo nos dixo o fontaneiro, hai que facer un burato dende a zona de oficio da cociña e sacala.
- Substitución de grifería de maneira que o chorro da auga caiga no medio da pileta (o grifo é moi curto e nalgún caso quedou instalado moi atrás polo que cando se lavan as mans cae toda a auga polos lados cara o chan).
- Selado correcto dos wáteres (perden auga no caso dun dos baños de Educación Infantil e outro dos mestres/as).
- Substitución dos tubos de auga dos wáteres de Educación Infantil (están todos oxidados e son de acero inoxidable).
- Colocación dun sistema nas portas das zonas de wáteres de Educación Infantil para que non se cerren soas constantemente.
- Cambio da parte do wáter de Educación Infantil onde se sentan os nenos/as (é de plástico e queda toda a suciedade inscruada e ademais non teñen tapa para cerralos).

5.15. Servizos educativos complementarios.

Durante o presente ano académico 2023-24 o centro conta cos servizos educativos complementarios de transporte escolar e comedor escolar.

5.15.1. Transporte escolar.

Ao centro asisten nenos e nenas de diferentes aldeas do Concello empregando diariamente o transporte escolar, que conta con dúas liñas de transporte:

- Liña 1 (integrado): A Veiga (praza do Concello)-Prada-Meda-Castromarigo-Casdenodres -A Veiga (Rúa Nova)-San Lorenzo- Espiño-Lamalonga.

Este curso escolar solicitouse dúas novas paradas (Prada e Meda) nesta liña.

- Liña 2 (non integrado): Xares - Seoane - A Ponte – Corzos – Baños – Edreira - Valdín.

Por agora este autobús non transporta ningún alumno/a.

Na actualidade fan uso do servizo de transporte escolar un total de **12 alumnos/as**.

O Equipo Directivo, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (dende a chegada dos microbuses e ou taxi ata a hora de entrada nas aulas) e a saída (dende o remate da xornada escolar ata que son atendidos polas acompañantes de transporte). A atención ao alumnado transportado, tanto a súa chegada ao centro como á saída do mesmo, será realizada polas mestras do centro en quendas como se recolle no **apartado 5.8.3.** deste documento.

As mestras encargadas da atención ao alumnado transportado terán unha hora de compensación no horario sempre e cando as condicións o permitan.

5.15.2. Comedor escolar.

Durante o presente ano académico 2023-24 o CEIP Eduardo Ávila Bustillo conta con servizo de comedor escolar de xestión directa.

O comedor escolar funcionará dende o primeiro ata o último día lectivo de cada curso segundo a Orde que regula o calendario escolar (este curso a **Orde do 3 de maio do 2023**). Como excepción están os días non lectivos solicitados polo Claustro de Mestras, aprobados polo Consellor Escolar e autorizados pola Xefatura Territorial,

festivos locais, festivos nacionais, o día no lectivo que elixe a Consellería e os períodos vacacionais. Polo tanto neste curso 2022-23 o comedor funcionará do día 11 de setembro do 2023 ao 21 de xuño do 2024, ambos inclusive.

A organización e funcionamento do comedor regúlase polo **Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG 13/08/2013)** de funcionamento de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; pola **Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG 05/03/07)** que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola **Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG 19/06/2008)** que a modifica e polo **Decreto 374/2009 do 6 de agosto (DOG 14/08/2009)** polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo terase en conta a **Instrución 2/2023** da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **do 1 de xuño**, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso 2023-24.

Atribucións dos órganos de goberno, cargos unipersonais e persoal colaborador:

A responsable do centro: Alba Garrido Vidueira.

Supervisa o servizo e asume a responsabilidade da súa organización e desenvolvemento. Controla o aspecto económico, introduce o número de comensais diarios e os colaboradores na aplicación de comedores. Está en contacto permanente coa encargada e a cociñeira para calquera incidencia que poida xurdir.

A encargada de comedor: María de la Luz Alonso Díaz.

Encárgase de elaborar e repartir os menús entre o alumnado e mestras en colaboración coa cociñeira; controla o aspecto económico, arquivando a facturación e facendo os pagos mediante transferencia bancaria ou xeración de cheque; fai a elaboración trimestral dos gastos para presentar ante o Consello Escolar para ser

aprobados e enviados á Xefatura Territorial. Tamén levará a cabo calquera outro aspecto do desenvolvemento cotiá do servizo.

Persoal colaborador: Eugenia Rodríguez Gestido (colabora todos os días), Irene Rodríguez Rodríguez (colabora todos os días menos os mércores e xoves) e Manuela González Vega (colabora principalmente os mércores e xoves ou calquera outro día que falte unha colaboradora; é persoal de limpeza do centro). Neste curso escolar non se apuntou ningunha nai/pai ou familiar para cubrir as necesidades de colaboración deste servizo.

É competencia do persoal colaborador o control dos comensais e o control da inxesta; o desenvolvemento das medidas hixiénicas, antes e despois do uso do comedor; o cumprimento do protocolo, así como as modificacións oportunas de se decretar fisuras; o coidado e mantemento do material hixiénico, en condicións axeitadas; a atención dos nenos e nenas no comedor; o fomento de bos hábitos na mesa,...

Cociñeira: Antonia Prada Fernández.

As súas funcións son as de manter en perfectas condicións de hixiene as instalacións e utensilios do comedor escolar e elaborar a comida ao alumnado.

Utilizar no grado máximo produtos frescos e evitar comida precociñada e conxelada. Tamén de ventilar o espazo antes e despois do seu uso.

Número de prazas:

O número de prazas para o presente curso é de 33 para o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria, sendo un máximo de 36 usuarios tendo en conta a todo o alumnado, colaboradores, responsable e encargada.

Neste intre están cubertas 10 prazas de Educación Infantil e 6 prazas de Educación Primaria, 1 responsable de cociña, 2 mestras colaboradoras, 1 persoa

colaboradora que tamén é a persoa de limpeza do centro, 1 encargada de comedor, 1 responsable e 1 mestra usuaria os mércores.

Organización:

Funcionamento diario:

O horario de comedor é de 14.10 h. ata 15.10 h. Cando os nenos/as rematan de xantar serán acompañados polo persoal colaborador a lavar os dentes. A continuación, e se o alumnado remata, pode estar na zona de lectura ao lado do comedor desfrutando das mesas estacionais situadas na zona cunha colaboradora. Posteriormente, acode ao patio de recreo tamén co persoal colaborador do comedor ou quedan no ximnasio se as condicións meteorolóxicas non permiten ir fóra.

Educación Infantil

A mestra que se atopa na sesión inicial cos alumnos/as levará ao alumnado a que se laven as mans no aseo correspondente. Entrarán no comedor, sentándose no lugar que se lles asigne dende comezo de curso. Este alumnado distribuirase nas mesas centrais do comedor, unhas máis baixiñas para o alumnado de 4º de EI e outras máis altas para 5º e 6º de EI.

Ao rematar de comer, unha mestra colaboradora acompañaraos para que leven a cabo a hixiene bucodental e posteriormente para que saían ao patio se remataron a tempo ou ás dependencias que se establezan para realizar actividades lúdicas ou de descanso.

Educación Primaria

O alumnado de Educación Primaria lavarás mans, colocarse en fila respectando a quenda, entrará ordenadamente ao comedor e ocupará o sitio que lle corresponda. Tamén os acompañará a mestra que se atope na sesión anterior con eles/elas.

Este alumnado distribuiranse en grupos de 3 nenos/as por mesa coa distancia correspondente. Dito alumnado estará colocado aos laterais do alumnado de Educación Infantil sen estar en contacto con estes nenos/as. Non se sairá do comedor e non se levantarán da mesa durante o servizo de comida (excepto en ocasións estritamente necesarias).

Ao acabar de comer, irán ao baño correspondente no que levarán a cabo a hixiene bucotendal, fomentando así hábitos saudables. Sairán ao patio se remataron a tempo e senón irán ás dependencias que se establezan para realizar actividades de lectura ou lecer.

5.16. Biblioteca escolar.

A biblioteca escolar é un lugar aberto a todo o alumnado e mestras do centro. Faranse préstamos de libros de lectura semanalmente, que poderán levar para a casa e devovelos ao rematar deellos (de venres a venres). Tamén se utilizará para realizar traballos de investigación, empregando enciclopedias, dicionarios temáticos, etc.

O traballo de control de préstamos será realizado polas mestras titoras ou responsables da devandita tarefa, que forman parte do equipo de biblioteca. Ademais cada titoría ten unha “biblioteca de aula” na cal as mestras titoras serán tamén as encargadas de colocar e renovar novos libros para o alumnado, os cales tamén poden levar para casa.

Polo xeral, empregárase a biblioteca escolar e zona de lectura ao lado do comedor para levar a cabo o “Plan lector” nos 20 minutos que adicamos antes do xantar; tamén se usará a propia aula se as mestras o deciden. O alumnado dividirase en 2 grupos (Educación Infantil e Educación Primaria) empregando o espazo delimitado para cada un deles. A mestras terán un sistema de quendas para a atención deste

alumnado na biblioteca; durante este curso serán a mestra especialista de PT e responsable de centro ás que máis quendas fan, liberando ás titoras polo seu traballo. Durante a maior parte do 1º trimestre o alumnado de Educación Infantil levaba a cabo o Plan Lector noutro momento (despois do recreo), xa que o tempo era xusto para facer a lectura e posterior lavado de mans.

Procuraremos dotar a biblioteca escolar con novos exemplares en lingua galega e lingua castelá, así como do mobiliario que falte para un correcto funcionamento e a creación dun espazo agradable e acolledor.

Por último, destacar que dende o curso pasado estamos catalogando os libros que existen no centro no aplicativo “Meiga” co etiquetado correspondente. Continuaremos neste curso, nas sesións de garda de biblioteca, con esta laboriosa tarefa, así como dunha nova colocación do espazo por zonas e cores.

6. PLANS E PROXECTOS.

6.1. Plan de actuación durante o período de adaptación en Educación Infantil.

INTRODUCCIÓN:

Durante os primeiros días de asistencia ao colexio, o neno/a sofre unha serie de cambios. Temos que ter en conta que pasa de estar nun medio no que é o principal protagonista a outro no que vai ter que convivir, relacionarse e compartir cos demais. Terá tamén que incorporarse a un novo ambiente onde persoas, espazos, materiais, horarios e rutinas son descoñecidos e novos para el/ela. Este primeiro contacto, que provoca un certo estado de ansiedade, cómpre que sexa o máis agradable posible e que facilite ao máximo a tranquilidade e seguridade dende os primeiros momentos.

Para que isto suceda é necesaria unha planificación.

OBXECTIVOS:

- Tratar de que as nenas e os nenos asimilen con naturalidade a separación do seu medio familiar, evitando a xeración de posibles conflitos.

- Presentar o colexio como unha continuidade da familia, logrando que o ingreso na escola se produza sen sensación de abandono familiar.
- Favorecer a relación con outros nenos e nenas.
- Establecer uns criterios e unha temporalización do período de adaptación.
- Acadar un coñecemento das circunstancias persoais de cada neno e nena.
- Establecer unha vía de comunicación e colaboración entre familia e o titor/a.

DESENVOLVEMENTO:

- DURANTE O MES DE MAIO-XUÑO:

O centro porase en contacto cos pais/nais/titores legais do alumnado que se escolarice por primeira vez mediante unha chamada na que se explicarán aspectos a ter en conta para ir preparando a entrada na escola. Na mesma chamada convocarase ás familias a unha reunión que terá lugar nestes meses para un primeiro contacto no que se falarán de aspectos xerais da vida do neno/a (foi a gardaría, é autónomo, come de todo, etc.) e unas pequenas pinceladas das normas do centro e do período de adaptación. Ese mesmo día os nenos/as pasarán un ratiño na que será a súa aula para o seguinte curso académico, tendo un primeiro contacto co resto de compañeiros/as e co centro educativo.

- DURANTE O MES DE SETEMBRO:

O día da reunión xeral coas familias, a titora de Educación Infantil explicará polo miúdo a incorporación e os aspectos máis importantes da adaptación e do comezo do curso.

Teremos en conta o **artigo 4 do capítulo II da ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-24**, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para a incorporación gradual do alumnado matriculado no 4º curso da etapa de Educación Infantil. Neste sentido terase en conta a escolarización previa do alumnado, a existencia de irmáns ou irmás matriculados no centro, así como as necesidades familiares, garantindo, en todo caso, a atención a tempo completo do alumnado cuxas

familias ou representantes legais así o soliciten. No caso de que as familias prefiran unha incorporación gradual do alumnado e o centro tamén lle aconselle o mesmo, esta non se prolongará máis aló do 15 de setembro de 2023. Neste caso sería desta maneira:

- O primeiro día (11 de setembro do 2023): O alumno/a que requira incorporación gradual asistirá ao centro unha sesión. Procurarase que quede só sen ningún familiar.
- Ao segundo día (12 de setembro do 2023): Permanecerá dúas sesións no centro.
- Ao terceiro día (13 de setembro do 2023): Permanecerá tres sesións no centro.
- Ao cuarto día (14 de setembro do 2023): Permanecerá catro sesións no centro.
- Ao quinto día (15 de setembro do 2023): Farán horario completo e, se son usuarios do comedor, tamén desfrutarán do servizo.

6.2. Programa de Estimulación á Linguaxe Oral e Prevención de dificultades.

Deseñar un programa de intervención, estimulación ou prevención da linguaxe oral supón partir sempre dunha análise da realidade ou da situación. Neste caso presentamos un programa de estimulación da linguaxe oral e prevención de dificultades na Educación Infantil.

OBXECTIVOS:

Así pois, o obxectivo xeral do mesmo é estimular a linguaxe oral para previr posibles dificultades no mesmo que pode desglosarse en:

- Prever posibles dificultades na linguaxe dos nenos/as.
- Desenvolver o coñecemento e control dos elementos corporais que se utilizan para a comunicación oral.
- Utilizar a linguaxe funcionalmente como vehículo de comunicación positiva nas interaccións sociais.

Como obxectivos específicos establecemos os seguintes:

- Desenvolver as habilidades cognitivas básicas (atención, imitación, percepción, razoamento e memoria).
- Favorecer a coordinación fonorrespiratoria.
- Acadar unha discriminación auditiva adecuada.
- Traballar as praxias e articulación dos fonemas.
- Aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo favorecendo a estruturación sintáctica.
- Potenciar o uso da linguaxe.
- Exercitar o sentido rítmico e as nocións espacio-temporais.
- Instaurar habilidades sociais favorecendo unha identidade persoal positiva equilibrada.

METODOLOXÍA:

Indicar tamén que en todo momento a práctica educativa guiarase por uns principios metodolóxicos que se presentan a continuación:

- Crear un clima de confianza e seguridade.
- Realizar actividades lúdicas, cortas e variadas, realizar actividades significativas, funcionais e progresivas, fomentar a participación activa dos alumnos/as.
- Potenciar a interacción social entre os alumnos/as.
- Adecuar o programa ao ritmo de aprendizaxe e evolución dos alumnos/as.
- Traballar dende una perspectiva multisensorial e ter en conta o carácter globalizador.
- Procurar a xeralización de todo o traballado.
- Utilizar o conto como elemento esencial e xerador do programa.

PAUTAS PARA AS FAMILIAS:

Neste caso as titoras colaborarán no desenvolvemento do programa, na súa práctica diaria deberán:

- Incidir na vocalización dos alumnos/as.
- Potenciar a súa linguaxe ou calquera modo de expresión.
- Facer fincapé nos hábitos alimenticios (mastigar, non papillas nin biberóns, etc.).
- Procurar a xeneralización do aprendido e levar a cabo as súas funcións.

Ás familias indicaremoslles que xoguen cos nenos/as, que lles lean e manteñan conversas con eles/as, que non reforcen a fala infantilizada e que colaboren cada vez que o precisemos.

6.3. Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Este documento do centro figura no **Anexo II** desta PXA.

6.4. Plan de Convivencia, Plan de Benestar e Convivencia e NOFC.

Este **Plan de Convivencia** figura como Anexos do PE e queda recollido no **Anexo III**. Así mesmo neste anexo aparece tamén o **Plan de Benestar e Convivencia** elaborado para este curso escolar que se presenta ao Consello Escolar na mesma sesión que a Programación Xeral para a súa aprobación.

O Plan de Convivencia foi aprobado o 12 de xuño do 2019 polo Consello Escolar. Queda pendente a elaboración dun novo Plan de Convivencia e das NOFC neste curso escolar 2023/24.

6.5. Proxecto Lingüístico.

O Proxecto Lingüístico do centro figura como **Anexo IV** nesta PXA. Foi aprobado o día 12/06/2019, co cal foi necesario revisalo para facer algún axuste puntual do mesmo. Dito Plan será feito de novo para finais deste curso escolar. Na mesma sesión en que se aproba esta Programación Xeral, preséntase ao Consello Escolar unha nova Addenda do Proxecto Lingüístico segundo o decreto 79/2010.

6.6. Plan de Biblioteca e Plan Anual de Lectura.

Na mesma sesión en que se aproba este PXA, preséntase ao Consello Escolar o Plan de Biblioteca (inexistente no centro) e a actualización do Plan Anual de Lectura. Ditos Plans aparecen no **Anexo V** desta PXA.

6.7. Plan de integración das TICS/E-dixgal.

Este Plan figura como Anexo IX do Proxecto educativo do centro. Ademais no **Anexo VI** deste documento recóllese unha actualización anual do Plan TIC do centro.

6.8. Plan de Orientación e apoio.

Este Plan figura como Anexo do Proxecto Educativo do centro. O Plan de Orientación é actualizado a data 15/10/2019. Durante o curso escolar faranse as revisións oportunas.

6.9. Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Na mesma sesión en que se aproba esta Programación Xeral, preséntase ao Consello Escolar un novo Plan de Atención á Diversidade dentro do cal figura un novo Plan de Acción Titorial. Este queda recollido no **Anexo VII**, xunto coa concreción anual deste Plan.

6.10. Plan de Acción Titorial.

Na mesma sesión en que se aproba esta Programación Xeral, preséntase ao Consello Escolar un novo Plan de Acción Titorial; podemos velo no **Anexo VIII** deste documento.

6.11. Plan de Autoprotección do centro.

No curso 2019/2020 apróbase o Plan de Evacuación con data 1/10/2019 do CEIP Eduardo Ávila Bustillo, o cal foi revisado e actualizado no curso anterior e tamén se fará neste.

Recentemente foron revisados os extintores pola empresa “**Exclusivas Vila**” e tamén recibimos a unha empresa encargada da **Prevención de Riscos Laborais** (“**Aspy prevención**”) contratada pola Consellería que levou acabo no 1º trimestre deste curso 2023-24 actuacións técnicas e un informe do noso centro con respecto a esta temática.

O Plan de Autoprotección queda recollido no **Anexo IX** deste documento.

6.12. Plan de Formación do Profesorado.

Actualmente o profesorado está inmerso nun programa de formación a través do CFR do Barco de Valdeorras e por medio do **PFPP**.

Neste curso académico, seguiremos dúas liñas:

- Unha 1ª liña na que nos centrámonos na execución do Plan Dixital elaborado no curso 2021/22 e executado no curso 2022-23. Un traballo dificultoso dada a contextualización dun entorno rural de alta montaña con serias dificultades de conectividade e negativa á hora de empregar as novas tecnoloxías. Este curso plantexaremos novos obxectivos e actividades.
- Unha 2ª liña na que optamos polos Polos Creativos, unha nova era no mundo da tecnoloxía co que contaremos con formación e material innovador.

Mediante o nosos dous itinerarios o profesorado está a programar diversas actividades tanto para as familias coma para as mestras que se suman á iniciativa e, por suposto, o alumnado.

Debemos salientar que seguimos co Plan E-dixgal vixente no centro dende fai uns anos. Como **coordinadora** a mestra especialista de lingua estranxeira: inglés, Dona María de la Luz Alonso Díaz.

6.13. Plan de Igualdade.

Este Plan non figura no centro, polo que se intentará elaborar neste curso escolar 2023-24.

6.14. Plan de relación co entorno e coa familia.

O colexio debe ser considerado como un centro aberto que establece determinadas relacións de reciprocidade co medio no que está situado.

É especialmente importante, para o bo funcionamento do centro, mostrar o establecemento de relacións de cooperación e coordinación coa ANPA.

Dentro de programa de apertura do centro á contorna realízanse as seguintes actividades:

- Actividades de información a pais/nais do alumnado.
- Fomentar a participación da comunidade educativa en diversas actividades complementarias e extraescolares: festa do Magosto, festival de Nadal, festa do Entroido e festa de fin de curso, contando sempre coa colaboración da **ANPA A Galocha**.
- Colaboramos co **Concello de A Veiga** e con outras entidades en todas aquelas actividades que se realizan dende cada unha delas e que son relevantes para a formación do noso alumnado.

Un clima de bo entendemento entre o profesorado e a familia é fundamental se queremos mellorar a calidade do ensino e que os noso alumnado consiga unha formación académica que lle sirva para cimentar as bases do seu futuro ingreso na ESO.

Para acadar este obxectivo plantexamos que haxa unha información fluída entre os mestres/as e as familias, facilitando que os pais/nais poidan acercarse ao colexio para interesarse pola marcha académica do seu fillo/a.

Os luns en horario de 17:15 a 18:15 horas será a hora de atención aos pais/nais, tal como queda recollido no **punto 5.8.5.** desta PXA. No caso que por motivos de traballo, enfermidade, etc., non poidan asistir, as titoras poderán atendelos nas súas horas de garda ou recreo, sempre pedindo cita por antelación, xa sexa por teléfono ou por escrito.

As reunións serán en grupo ou individuais dependendo a información que queiramos transmitir ás familias.

Con pais/nais en grupo:

1) Reunións conxuntas:

1.1.) Primeira reunión: A comezo de curso. Os aspectos a tratar nesta reunión serán os seguintes:

- Presentación do profesorado e dos equipos docentes.
- Obxectivos que pretendemos acadar no nivel ou no ciclo.
- Obxectivos mínimos que se deben conseguir para promocionar.
- Criterios de cualificación.
- Información das competencias clave.
- Proxectos docentes que se levarán a cabo.
- Horarios das entrevistas cos pais/nais que serán previa cita acordada co profesorado.
- Pasos a seguir ante calquera dúbida ou conflito:
 - Falar primeiro sempre coa titora.
 - Se fose preciso co especialista.
 - Se fose preciso coa Orientadora.
 - Se fose necesario coa Responsable do centro.
- Importancia de solucionar os problemas que se produzan no colexio no propio colexio. Aquí é onde se dará a información máis precisa e detallada do que aconteceu.
- Importancia da colaboración da familia, de remar xuntos cara obxectivos común.
- Prestixio do profesorado.
- Utilización que se vai a facer dos libros de texto.
- “Deberes” para rematar as tarefas da aula ou para reforzalas.

- Importancia primordial da familia no traballo de valores, a atención, a autoestima e a responsabilidade.

- Normas que rexerán o curso escolar.

1.2.) Segunda reunión: No medio do curso (analizar a evolución do grupo-clase ou para outros temas que poidan xurdir).

1.3.) Terceira reunión: Final de curso (valoración global do curso).

Con cada pai/nai individualmente (cando se considere necesario, tendo cada titora como mínimo unha reunión con cada pai/nai por trimestre):

- Entrevista persoal.

- Carta, nota, informe,...

- Cualificacións, circulares,...

Tamén se manterán contactos ao longo do curso cos centros dos que recibimos ou aos que entregamos o noso alumnado.

6.15. Plan xeral de avaliación do centro.

A finalidade será propiciar a reflexión e toma de decisións que permitan a mellora da calidade educativa do centro.

Para logralo, basearémonos:

a) Nas programacións didácticas.

- b) Na metodoloxía docente.
- c) Na avaliación do alumnado.
- d) No clima escolar e de aula.
- e) Nos resultados académicos.
- f) Nos resultados da Avaliación Individualizada.

En canto ás sesión de avaliación, na etapa de Educación Infantil haberá catro avaliacións; unha inicial e unha ao remate de cada un dos tres trimestres, mentras que na etapa de Educación Primaria haberá un total de cinco avaliacións, unha avaliación inicial, unha ó remate de cada trimestre e unha avaliación ordinaria. As datas sinaladas para as correspondentes sesións de avaliación quedan recollidas no punto **5.10.2**.

Nas sesións de avaliacións dos diferentes niveis reuniranse todos os mestres/as que imparten áreas no nivel, coordinados pola respectiva titora.

A entrega de notas levarase a cabo como se indica no punto **5.9**.

Os criterios de promoción serán os recollidos no Proxecto Educativo do Centro.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica efectuará calquera modificación que se considere oportuna.

6.16. Proxectos de Innovación Educativa.

Este curso participaremos nos seguintes plans e programas de innovación educativa:

- **Plan Proxecta +:** o centro presenta solicitude para participar no programa de PVAD (Proxecto de Vida activa e Deportiva). Ademais solicitaremos a axuda económica ao FOGGA sobre reparto de leite líquido, castañas e froita.

- **Proxecto E-Dixgal.** Tamén se estudará a posibilidade de participar en todos aqueles proxectos de innovación educativa que sexan ofertados e que se adapten as

características de centro, xa que en moitos deles a este tipo de centros con pouco alumnado cérranselle bastantes portas, privando tanto a alumnado e profesorado dunha oportunidade excelente para formarse.

6.17. Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.

Este Plan tamén se presenta ao Consello Escolar na mesma sesión que a PXA para a súa aprobación. Dito plan e elaborado neste 1º trimestre do curso 2023-24 e queda recollido no **Anexo X**.

7. DEBERES ESCOLARES.

O Claustro de Mestras en relación aos deberes escolares acorda:

- Deixar aberta a posibilidade de propoñer deberes ou tarefas ao alumnado para realizar en horario extraescolar dentro das normas que se relacionan:

1. Completar tarefas que non se remataron na clase.
2. Realizar algúns exercicios de reforzo.
3. Buscar información para traballos propostos no centro.
4. Realizar esquemas, resumos ou mapas.
5. Lecturas.

O profesorado coordinará a través da titora para que non se acumulen tarefas de diferentes materias no mesmo día.

Recoméndase ter en conta a idade do alumnado, a extensión das tarefas propostas e o momento do calendario.

Dende a dirección do centro propónse para o 2º trimestre do curso 2023-24 a entrega aos alumnos/as de Educación Primaria dun **calendario mensual** para que deixen na casa (tamaño A3) e outro no cole (tamaño A4) que viaxará a casa para ir completando as tarefas, traballos, controis, etc. do calendario grande. Deste xeito ensinarémolles aos alumnos/as a organizar mellor o seu traballo e inculcarémolles o hábito do traballo e estudo diario.

8. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGAMACIÓN XERAL ANUAL.

A CCP, mensualmente, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos na PXA cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización.

Trimestralmente, o Claustro de Mestras realizará un seguimento da PXA para detectar as posibles desviacións do planificado e estudar aspectos que poderían ser mellorables. Deste seguimento farase un informe que será presentado ao Consello Escolar.

Ao final de curso, o Claustro avaliará todos os aspectos docentes, tratando entre todos os apartados xerais e achegando, por ciclos de Educación Infantil e niveis de Educación Primaria, a avaliación dos que sexan propios.

O Consello Escolar avaliará esta PXA e o cumprimento dos obxectivos e actividades nela propostos, respectando os aspectos docentes. Asemade poderá ser revisada cando o requira algún dos sectores deste órgano colexiado de goberno.

Por último un extracto escrito do seguimento e a avaliación levada a cabo conformará a Memoria Anual, que será elaborada coas achegas de todas ao remate do curso e que recollerá os resultados da avaliación final e será presentada ao Consello Escolar para a súa aprobación na última reunión do curso, a finais de xuño.

9. DILIXENCIA.

Esta Programación Xeral Anual foi elaborada pola Responsable do centro tendo en conta as propostas da CCP, do Claustro, as directrices do Consello Escolar e a memoria do curso anterior.

Unha vez avaliada e aprobada polo Claustro de Mestras e polo Consello Escolar do centro, ponse a disposición da comunidade educativa, quedando o orixinal asinado pola Responsable na secretaría do centro.